

A N U N C I O

SEGUNDA CORRECCIÓN DE ERRO NA PUBLICACIÓN NO BOP Nº 7, DO 11.01.2006, E NO Nº 89 DO 10-05.2006, DA «ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE CAPTACIÓN E APROVEITAMENTO DA ENERXÍA SOLAR PARA USOS TÉRMICOS EN EDIFICACIÓN E INSTALACIÓN NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO» (Exp. 3256/306).

Advertido un erro na publicación no BOP nº 7, do 11 de xaneiro de 2006, e no nº 89 do 20.05.2006, da «Ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento da enerxía solar para usos térmicos en edificación e instalación no termo municipal de Vigo» consistente na repetición, na páxina 9 e na páxina 15, respectivamente (Art. 10.3), como "Figura 1.b]" da que é a "Figura 1.a]", procede á súa correcta publicación.




Figura 1.a].




Figura 1.b].

Vigo, 21 de abril de 2006.—A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, Corina Porro Martínez.

2006004086-B

* * *

O PORRIÑO

Bases e convocatoria para a concesión de subvencións para a xestión directa polos consellos escolares do mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria ubicados no Porriño para o ano 2006.

Limiar: As presentes bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións no ano 2006, estarán suxeitas á Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normativa aplicable.

1.—Obxecto da convocatoria e beneficiarios:

O Concello do Porriño destina a cantidade de 38.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 422.48900, para ser xestionadas directamente polos consellos escolares dos centros públicos ubicados no termo municipal do Porriño, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos, agás aqueles que dispoñían de menos de 3 unidades, nos cales o Concello seguirá realizando o seu mantemento de xeito directo.

As contías entregadas a cada centro destinaráanse especificamente a obras de mantemento que non